


É FUMOS FICANDO SÓS, O MAR, O BARCO E MÁIS NÓS...

## Sonia Santos presenta en Catoira o seu proxecto sobre a toponimia desta localidade



■ “A mesma morte leva á tumba o nome de moitos lugares dunha maneira rápida e sen deixar rastro”

adrianarodríguez



A sala Carlos Casares do Concello de Catoira acolle unha mostra sobre a toponimia do municipio, un traballo que realizou a filóloga e investigadora do Instituto Cartográfico de Galicia Sonia Santos, veciña deste lugar.

Este proxecto naceu da necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico, e, segundo asegura Sonia Santos, “poderemos recoller preto de dous millóns de topónimos en todo o territorio do país. Un proxecto que se cualifica de monumental e que abre multitud de vías á investigación sociolingüística e antropolóxica da nosa cultura”.

O proxecto foi levado a cabo gracias ó traballo de campo que se desenvolveu no Concello de Catoira, o cal se encargou de dotar dos medios humanos precisos para a realización da investigación, e que chegou tódalas fontes de documentación e seleccionou persoal para a supervisión e aprobación por parte dos coordinadores do Proxecto Toponimia de Galicia.



Sonia Santos foi escollida por vivir nas terras vikingas, un dato importante á hora de relacionarse coa xente do concello e de facer as labouras de campo. Segundo expli-

ca Santos, “botei tres meses rodeada dos meus veciños que, a pesar de que me tiñan unha desconfianza por se quería coñecer os lindes das fincas e pensaron que era da parcelaria ou do catastro, en canto lle expliquei a miña pretensión houbo ‘overbooking’, xa que todos querían participar”.

Santos explica que foi todo unha sorpresa para ela descubrir como se chamaban os lugares que se atopaban preto da súa casa e tamén foi triste ter que recoller no informe “que con cada morte estase perdiendo toponimia, xa que os cambios que sufre a sociedade xa ningún se dedica ás tarefas agrícolas o que xa limita a extensión destes nomes”.

Segundo a estela das testemuñas más fiables, que son as xentes

era lugar de paso de xentes extraxeiras. Así a que agora é coñecida como Illa dos Ratos recibía o nome de “Castrivello”.

Santos recorriu fundamentalmente á documentación máis antiga que é a do Marqués de La Ensenada, do século XVII, e tamén botou man dos rexistros de herdanças que cada veciño tiña na súa casa. “Neste paso tiven que poñer en práctica un laborioso proceso de filtrado que me permitiu descubrir os posibles errores que os redactores cometían na época, con transcripción equivocadas ou cambios de vocáis, e a evolución que sufrió a palabra de maneira xeracional”, explica a filóloga.

Xeógrafos e filólogos uniron os seus coñecementos para levar este proxecto de recuperación a cabo,



que residen nos lugares que se someten á recuperación dos seus nomes, Sonia Santos descubriu que un dos sitios que máis variación tivo na fonética das palabras foron os arredores das Torres de Oeste. Esto é debido, segundo indica a filóloga “a que sufriu invasións e a que

en todo o territorio galego, para evitar así unha importante perda cultural.

Dende o Concello de Catoira, o alcalde Alberto García, fixo un chamamento para que tódolos veciños que queiran se acheguen a ver a exposición e anoten os errores de localización ou algún nome que falte e colaboren así a que os topónimos deste municipio non desaparezan.

